

NOME..... DATA

1.-Le esta lenda e contesta as preguntas que se formulan a continuación.

Hai moitos anos, miles de anos, vivía nun gran castelo unha princesa moi egoísta. Esta princesa herdara unha gran cantidade de diñeiro dos seus antepasados, uns reis moi ricos e coñecidos. A princesa, de nome Margarida, decidira facer un cabalo con todas as moedas de ouro que tiña (que eran moitas!). Un día, o castelo inundouse debido ás fortes chuvias e a princesa decidira salvar únicamente o seu cabalo, e deixou que as lembranzas de toda a súa vida se esvaesen. Conta a lenda que o cabalo fuxiu e que a princesa quedou sen diñeiro e tamén sen lembranzas.

a) Que elemento cres que é fantástico (irreal) nesta lenda?

.....
.....
.....
.....

b) Pensas algúns dos feitos que se narran na lenda poden ser reais? Cales? Escríbeos.

.....
.....
.....
.....
.....
.....

c) Fai un resumo da lenda anterior coa información máis importante.

2.-Le este texto. Subliña as palabras graves e rodea a súa sílaba tónica

Gañarei esta carreira nun chiscar de ollos. A aclaración do misterio obtívena de maneira indirecta grazas ao meu irmán Vítor. Un día tiven que entrar no seu caótico refuxio privado do faio porque a mamá non atopaba a súa cámara fotográfica profesional e eu sabía que el lla collía ás veces para os seus experimentos no ordenador.

- Que regra de acentuación das palabras graves segue a palabra Vítor?

.....
.....
.....
.....

3.- Rodea os verbos das oracións seguintes e despois separa o suxeito do predicado de cada unha delas

- Sabela colocou as margaridas do xardín nun testo.
- Carme vai ir de vacacións a Suíza cos seus pais e a súa avoa Adela.
- Os anteollos novos de Paulo son de pasta.
- Os gatos que ten Marta na aldea de Xinzo miañan moito cando queren comida.

4.- Escribe un grupo nominal formado por:

Det. Art. + Subst. + Adx.

Det. Dem. + Subst.

.....
.....

.....
.....

Det. Pos. + Adx. + Subst.

Det. Art. + Subst.

.....
.....

.....
.....

Det. Núm + Subst. + Adx.

Det. Pos + Subst.

.....
.....

.....
.....